



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

[Selecione la fecha]

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Este plan desenvólvese no marco do contexto educativo reflexado na contextualización do PE.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Para determinar as necesidades do centro, en canto á atención á diversidade, realizamos unha análise DAFO, que recolle as debilidades e fortalezas internas, e as ameazas e oportunidades externas ó centro:

Debilidades:

- × Barreiras arquitectónicas
- × Dispersión xeográfica do alumnado
- × Alta ratio de alumnado NEAE

Fortalezas:

- ✓ Claustro estable
- ✓ Alta implicación do profesorado
- ✓ Relacións con toda a comunidade educativas

Ameazas:

- × Baixa natalidade na zona
- × Pluralidade de oferta educativa no Concello
- × Aillamento xeográfico do centro
- ×

Oportunidades:

- ✓ Diversidade de zonas e recursos ó alcance
- ✓ Posibilidade de personalización na aprendizaxe debido á baixa ratio do alumnado

Así, a partir desta análise do contexto, xunto coas demandas efectuadas pola comunidade educativa, determinamos as principais necesidades en canto á atención á diversidade no centro, as cales podemos sintetizar en:

Necesidades relativas ao centro:

- Potenciación da participación do profesorado nas decisións do centro.
- Estimulación do desenvolvemento profesional do profesorado mediante o intercambio de experiencias, formación e innovacións educativas.
- Mantemento dunha relación fluída entre as familias e o profesorado para conseguir unha colaboración que permita responsabilizarse a todos duns obxectivos comúns.
- Impulso da participación e responsabilidade na vida do centro de todo o alumnado.

- Participación na creación e dinamización dos diversos plans organizativos do centro.

Necesidades relativas aos alumnos:

- Creación de hábitos positivos de alimentación, saúde e deporte.
- Procura de técnicas para manter a atención, identificar os aspectos máis importantes da información, reter e organizar a información, simbolizar e abstraer.

Necesidades relativas aos profesores:

- Implicación do profesorado nas actividades promovidas para a atención á diversidade.
- Implicación nas responsabilidades en canto á atención á diversidade.

Necesidades relativas ás familias:

- Dinamización da implicación das familias nas actividades levadas a cabo dende o centro.
- Información e asesoramento das distintas competencias do persoal do centro coa finalidade de establecer unhas pautas de actuación comúns.

Necesidades relativas ao contorno:

- Traballo de forma coordinada cos centros e servizos do contorno (IES ó que estamos adscritos, EOE, servizos sociais e sanitarios).

Todas estas necesidades serán valoradas e levarán consigo un seguimento semanal nas reunións de Departamento de orientación, xunto co xefe de DO, coas especialistas de PT e AL, e a dirección do centro. Ademais das reunións de Coordinación dos Equipos docentes, segundo o requiran as necesidades de cada grupo-clase.

1. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Promover a equidade, a cohesión social e a cidadanía activa.
- Adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivación e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado.
- Conseguir que todos/as e cada un/ha dos alumnos/as acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, respectando os principios de normalización e inclusión.
- Diseñar e aplicar medidas organizativas e curriculares que sirvan para atender á

diversidade e compensar as desigualdades de partida que puideran darse en relación co lugar de orixe, as condicións sociais e culturais da familia, as capacidades inviduais, o sexo, a relixión, etc.

- Traballar na procura da equidade para conseguir a igualdade de oportunidades e a non discriminación por razón de sexo, relixión, orixe étnica, condicións sociais e/ou culturais, orientación sexual, capacidades, intereses, etc.

2. MEDIDAS ORDINARIAS QUE APLICARÁ O CENTRO

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado

Axustarase a organización do centro e da aula tendo en conta o recollido nos obxectivos do Proxecto Educativo (PE), e concretándose nas correspondentes Programacións Didácticas (PD).

En canto aos criterios e procedementos para a detección e valoración das necesidades:

- No seu labor diario, os/as mestres/as titores/as e especialistas na aula levan a cabo todas as medidas ordinarias ao seu alcance para que alumnado siga o proceso de escolarización coa máxima normalidade.
- Cando o Equipo Educativo dun alumno/a esgote todas as medidas dentro do currículo ordinario e ese alumno/a continúe presentando dificultades cumpríntase a folla de derivación (ANEXO) por parte do/a titor/a en colaboración co Equipo Educativo do alumno.
- Comunicarase aos pais/nais a través do profesor/a titor/a a necesidade da realización dunha avaliación psicopedagóxica.
- O/A orientador/a realiza a avaliación psicopedagóxica, facendo especial fincapé en proporcionar unhas orientacións concretas para dar resposta personalizada ás necesidades educativas específicas do alumnado.
- Levar a cabo un seguimento trimestral por parte de pais/nais, mestres/as e orientado/ra da posta en práctica das medidas adoptadas, a través de:
 - De forma escrita a través do boletín informativo trimestral a pais/nais.
 - Se é un alumno/a que recibe apoio por parte do PT ou AL, informe de seguimento trimestral.
 - Se se solicita, entrevista de seguimento psicopedagóxico por parte do/a orientador/a.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

Como principal mecanismo de atención á diversidade, as PD deberán adecuarse ás características de todo o alumnado, establecendo nelas diferentes mecanismos para desenvolver o proceso educativo, tendo en conta os principios do PE.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

As medidas e axustes a implantar na aula deberán recollerse nas correspondentes PD sen contradicir o establecido no PE e tendo en conta a totalidade do alumnado. Promoverase unha aprendizaxe interdisciplinar e competencial, a través do traballo colaborativo e utilizando dinámicas de cohesión grupal. Así mesmo, organizaráanse os Obradoiros en todos os niveis a principio de curso, tal e como recolle o PE.

d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Recolleranse as medidas concretas nas Programacións Didácticas.

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas de actuacións destinadas á mellora da convivencia.

Recolleranse as medidas concretas no Plan de convivencia e nas NOFC.

f) Desdobramentos de grupos.

Sempre que a organización de espazos e profesorado o permita, poderá levarse a cabo o desdobre da aula, contando con dous grupos heteroxéneos, nos que o profesorado titular e o profesorado de apoio traballarán de xeito paralelo.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

O principal criterio para brindar apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria, serán as necesidades identificadas na aula, tendo en conta os informes previos do curso anterior e a avaliación inicial. Procurarase un reparto equitativo en función das necesidades detectadas.

Priorizarase a atención á diversidade mediante o apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria no cumprimento das 25 horas lectivas do persoal docente.

O profesorado titor prestará apoio na aula do seu mesmo nivel dúas sesións semanais.

O reparto dos apoios do profesorado ordinario farase unha vez determinada a intervención dos especialistas de PT e AL en todas as aulas.

O apoio do profesorado poderá levarse a cabo dentro da aula ordinaria, compartindo docencia co/a mestre/a da aula con todo o grupo de alumnos/as (binomio pedagóxico), ou organizarse o desdobre da aula ordinaria en dous grupos heteroxéneos.

Manterase unha coordinación fluída entre o profesorado titular e o profesorado de apoio. A responsabilidade na avaliación da área que se apoia, correrá a cargo do/a mestre/a titular.

h) Programas de enriquecemento curricular.

Elaboraranse programas de enriquecemento para atender ás necesidades do alumnado que así o requira, sendo responsabilidade do profesorado que lle imparte docencia, o seu deseño, posta en marcha e avaliación. Contarase en todo momento coa colaboración e asesoramento do DO.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

Elaboraranse programas de reforzo nas áreas de Lingua, Lengua e Matemáticas para atender ás necesidades do alumnado que así o requira, sendo responsabilidade do profesorado que lle imparte ditas áreas, o seu deseño, posta en marcha e avaliación. O profesorado de AL traballará no grupo clase Programas de estimulación escrita e oral, favorecendo así a mellora nas áreas de linguas. Contarase en todo momento coa colaboración e asesoramento do DO.

j) Programas de recuperación.

Elaboraranse programas de recuperación para atender ás necesidades do alumnado que non supera algunha área. O profesorado que imparta dita área será o encargado da elaboración do programa, de entregalo á Xefatura do DO para a súa custodia e traspaso ó profesorado responsable da área no seguinte curso escolar. O profesorado que recibe estes programas de recuperación poderá realizar modificacións tendo en conta o deseño da práctica educativa na aula.

k) Programas de habilidades sociais.

Poderá levarse a cabo o deseño e implantación de programas de habilidades sociais que permitan unha contribución ó desenvolvemento persoal e á mellora da convivencia de todo o alumnado. Do mesmo xeito, de detectarse necesidades específicas no alumnado, poderán deseñarse actuacións en relación ó autoconecemento, autoconceito e autoestima, que permitan o establecemento de condutas sociais e empáticas.

5. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DO CENTRO

a) Apoio do profesorado de PT/AL.

O principal criterio para o apoio por parte do profesorado especialista de PT e AL, serán as necesidades identificadas no alumnado neae, tendo en conta os informes previos do curso anterior, a avaliación inicial e as correspondentes avaliacións psicopedagóxicas. Procurarase un reparto equitativo en función das necesidades identificadas e recollidas no correspondente informe psicopedagóxico. Priorizarase aquel alumnado que requira de intervención individual para o seu adecuado desenvolvemento persoal, priorizando, á súa vez, os cursos máis baixos.

O reparto dos apoios do profesorado especialista farase tendo en conta o alumnado neae e os horarios das aulas.

O apoio do profesorado PT e AL deberá levarse a cabo dentro da aula ordinaria, sempre que as características e necesidades do alumnado así o permitan, seguindo o currículo do curso. Do mesmo xeito, levarase a cabo unha intervención específica nas aulas de PT e AL, sempre que as necesidades do alumnado así o requiran.

Cando o apoio se realice na aula ordinaria, o profesorado especialista coordinarase co profesorado titor para adecuar a intervención. Cando o apoio se realice na aula específica de PT e AL, a responsabilidade do deseño e intervención será do profesorado especialista tendo a posibilidade de agrupar a alumnos/as que presenten necesidades similares ou que se complementen no seu desenvolvemento, ata un máximo de catro.

b) Adaptacións curriculares

Segundo o recollido nos correspondentes informes psicopedagóxicos do alumnado neae, poderán realizarse adaptacións curriculares individuais (AC) en calquera área sempre que as necesidades identificadas así o requiran. A AC basearase na programación didáctica para o nivel e área que se modifica, tendo como fin que o alumnado acade os obxectivos da etapa e o adecuado desenvolvemento das competencias clave. A avaliación e promoción do alumnado realizarase tendo en conta os criterios establecidos na AC.

Ante a identificación da necesidade dunha AC, levarase a cabo unha reunión do profesorado que imparte docencia, asesorada polo DO e coordinada pola persoa que exerza a Xefatura de Estudos, para a toma de decisións sobre a mesma. O profesorado que imparta docencia na área adaptada será o responsable da elaboración da mesma, co asesoramento do DO. Unha vez elaborada, a Xefatura do DO elaborará o Documento Individual de Adaptación Curricular (DIAC), que será enviado a Inspección Educativa para a súa aprobación, formando parte do expediente do alumnado.

No DIAC deberá recollerse os mecanismos de revisión da adaptación, así como a responsabilidade e participación do profesorado na súa implantación e avaliación. Non obstante, as AC serán revisadas ao inicio do curso escolar polo profesorado que imparte docencia na área adaptada co asesoramento do DO.

Flexibilización da escolaridade

Tal e como se recolle no decreto de atención á diversidade, o período de escolarización en Educación Primaria poderá aumentarse ou reducirse un ano, de xeito excepcional, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades intelectuais. En ningún caso poderá permanecerse en EP máis alá do ano natural no que o alumnado cumpra os 15 anos, nin iniciar a ESO antes do ano natural en que se cumpran os 10 anos.

Para a realización da flexibilización seguirase o procedemento establecido na Orde 27 de decembro de 2002, debendo realizarse a solicitude de flexibilización durante o mes de abril.

c) Atención educativa

No caso de alumnado que, por diversas condicións, non poda asistir de xeito continuado e xustificado ó centro, tomaranse as medidas que lle permitan seguir co proceso educativo, tendo en conta as necesidades e todos os mecanismos establecidos no *Protocolo de atención educativa domiciliaria* e no Decreto 229/2011. En todo caso, promoverase a comunicación coa familia para a continuidade no proceso escolar.

d) Grupo de adquisición de linguas

Tendo en conta o establecido na Orde do 20 de febreiro de 2004, poderá realizarse un grupo de adquisición de linguas sempre que se dean as condicións para levalo a cabo.

O profesorado responsable deste grupo será nomeado tendo en conta o profesorado con dispoñibilidade horaria e o número de horas semanais do grupo.

e) Grupo de adaptación da competencia curricular

Tendo en conta o establecido na Orde do 20 de febreiro de 2004, poderá realizarse un grupo de adaptación sempre que se dean as condicións para levalo a cabo.

O profesorado responsable deste grupo será nomeado tendo en conta o profesorado con dispoñibilidade horaria e o número de horas semanais do grupo.

6. ACTUACIÓNS DE COMPENSACIÓN DE DESIGUALDADES

Seguindo as liñas establecidas no Decreto de Atención á Diversidade, promoverase a escolarización continuada do alumnado a través e diferentes medidas que permitan compensar as desigualdades atopadas.

a) Solicitudes de accións para a atención á diversidade

O centro solicitará, cada curso escolar, aqueles programas que oferta a Consellería de Educación buscando potenciar de forma prioritaria o desenvolvemento das competencias clave, así como a mellora da convivencia no centro, a promoción da igualdade de xénero e de medidas que fomenten a inclusión, o afondamento no logro da excelencia educativa, a redución das taxas de abandono escolar temperán, así como a promoción da atención educativa para a compensación de desigualdades na educación.

Entre todos os programas ofertados, daráselle prioridade ás liñas dos Contratos-programa, así como a todas aquelas accións que permitan atender á diversidade dentro da aula ordinaria.

b) Prevención da desescolarización e do absentismo

Recolleranse no Plan de Convivencia os procedementos para o control de asistencia do alumnado e os mecanismos de intervención tendo en conta o *Protocolo de control do absentismo*. Do mesmo xeito, no mesmo Plan de Convivencia, incluíranse as medidas en relación á Violencia de xénero e ó Acoso escolar.

c) Atención ó alumnado en hospitalización domiciliaria ou hospitalaria

Seguindo o recollido no Decreto 229/2011 e no Protocolo de atención educativa domiciliaria, promoveranse diferentes medidas para que o alumnado en situación de hospitalización domiciliaria ou hospitalaria, reciba unha atención acorde ás súas posibilidades.

7. A COLABORACIÓN DAS FAMILIAS E DIVERSAS INSTITUCIÓNS.

a) A implicación das familias

Será responsabilidade do profesorado titor ter informadas ás familias de todos os procedementos e mecanismos en relación á atención dos seus fillo/as. Sempre que o precise, poderá asesorarse cos membros do DO, en canto ás medidas específicas adoptadas.

A comunicación coas familias manterase de xeito habitual tendo en conta os criterios establecidos no PE. Promoverase o coñecemento das medidas adoptadas na procura dunha implicación das familias nas mesmas.

Ademais, dentro do proceso de escolarización, en canto á matriculación e á acollida do alumnado e das súas familias, no proceso de matriculación as familias deben estar informadas da documentación a presentar, PE do centro, dereitos e deberes, normas, organización e funcionamento, material necesario, etc. Así mesmo, débese facilitar a incorporación do alumnado e das súas familias no centro, o cal poderase levar a cabo a través das actuacións recollidas no *Plan de Acollida*, que debería recoller accións para o alumnado de nova incorporación, alumnado de incorporación tardía e as súas respectivas familias.

b) Relacións cos diferentes servizos externos

Seguindo o establecido no Plan de Orientación do centro e no *Protocolo de Protección de datos*, promoveranse mecanismos de coordinación e comunicación con diferentes servizos en función das características e necesidades do alumnado. Nesta coordinación estarán incluídos os servizos sociais do Concello, o servizo de menores, diversas asociacións específicas (Down, TDAH, TEA..), así como todas as organizacións e asociacións que manteñen convenio de colaboración coa Consellería de Educación.

Do mesmo xeito, recollerase no Plan de Orientación a periodicidade das reunións cos centros adscritos (*CRA Antía Cal* e *IES Terra de Turonio*) para o traslado da información en relación ó alumnado.

8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORAS DO PLAN

O presente plan contará coa súa concreción anual que permite axustar o seu desenvolvemento ás situacións concretas do curso escolar e será incluída na PXA. As consideracións recollidas na memoria anual de dita concreción farán posible recoller modificacións e propostas de mellora, que se incluírán no PXAD sempre que se refiran a condicións e características deste.

O presente plan deberá ser revisado e actualizado sempre que as características e liñas de actuación sexan modificadas, así como, cando a variación da contorna o esixa.

9. REFERENCIAS LEXISLATIVAS E BIBLIOGRÁFICAS.

- D229/2011, atención á diversidade.
- D105/2014, currículo EP.
- Orde 9 de xuño de 2016, avaliación EP.
- Orde 6 de outubro do 1995, adaptación curricular e Reforzo educativo.
- Orde 28 de outubro do 1995, sobredotación intelectual.
- Orde 31 de outubro do 1996, avaliación psicopedagóxica.
- Orde 27 de decembro do 2002, escolarización nee.
- Orde 20 de febreiro de 2004, alumnado estranxeiro.
- D120/1998, DO.
- Orde 24 de xullo de 1998, DO.
- Convocatoria de contratos-programa.

10. APROBACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Aprobado polo Consello Escolar con **data**

ANEXOS

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para iniciar o proceso de Avaliación Psicopedagóxica do alumno/a ou Informe Escolar que nos deriva, precisamos coñecer unha serie de datos de interese. Agradecemos toda a información posible que nos poida aportar a través do seguinte formulario.

Data da demanda:

Motivo:

DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A

Nome e

apelidos:

Data de nacemento: Idade: Teléfono:.....

Nº de irmáns:..... Lugar que

ocupa:..... Nome da

nai:.....Idade:.....Profesión:..... Nome

do pai:.....Idade:.....Profesión:.....

Domicilio:.....

.

DATOS ESCOLARES

Nome do titor/a:.....

Curso/nivel:.....

Repetiu algún curso?..... Cal?

- 1) Resumo da súa escolarización (asistencia, cambios de centro,...)
- 2) Explique o motivo fundamental da súa demanda.
- 3) Medidas adoptadas ata o momento polo profesorado.

DIFICULTADES DE APRENDIZAXE (marque cun “x”)

LINGUAXE ESCRITA	LINGUAXE ORAL
Expresión escrita	Expresión oral
Caligrafía	Fluidez verbal
Faltas ortográficas	Comprensión verbal
Presentación de traballos escritos	Organización de ideas
MATEMÁTICAS	FALTA DE ATENCIÓN
Razoamento matemático	Non acaba as tarefas
Operacións e cálculo	Distraese con facilidade
Resolve os problemas	Dificultade de concentración
PERSONALIDADE	IMPULSIVIDADE
Reservado	Actúa antes de pensar
Impaciente	Hai que chamarlle a atención
Responsable	Necesita supervisión constante
Irritable	Cústalle gardar a quenda de palabra
Despreocupado	Cambia con frecuencia de actividade
Individualista	INTERACCIÓN SOCIAL
Autosuficiente	Respecta aos compañeiros/as
Dominante	Respecta aos mestres/as
Impulsivo	Está integrado na aula
Emotivo	Xoga cos nenos/as no patio

OUTROS DATOS DE INTERESE:

Asdo.: _____

(Titor/a do alumno/a)

AUTORIZACIÓN DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

O Departamento de Orientación do **CEP “XOSÉ NEIRA VILAS”** de Peitieiros, coa finalidade de prestar axuda e orientación a cada un dos seus alumnos/as, precisa da colaboración de todos os axentes implicados no proceso educativo.

Despois das valoracións feitas polo titor/a do seu fillo/a.....

....., alumno/a do..... Nivel de Educación Primaria, **solicitamos o seu consentimento**, para realizar a súa Avaliación Psicopedagóxica.

Para esta avaliación, se é preciso solicitarase a colaboración dos servizos externos ao centro como poden ser: Centros de Saúde, Servizos Sociais do Concello, Equipo de Orientación Específico.

Estes datos (físicos e de saúde, psicosociais, familiares, etc) terán un estrito carácter confidencial, e só serán empregados para adaptar os procesos de ensino-aprendizaxe ás capacidades do seu fillo/a e facilitarlle deste xeito, unha mellor integración escolar.

Xefe/a de Departamento de Orientación.

Peitieiros, a _____ de _____ de 20__

D/D^a.....

... pai/nai/titor/ra legal do
alumno/a..... **dou o meu
consentimento** para que se faga unha Avaliación Psicopedagóxica ao meu
fillo/a.

Asdo.: pai// nai// titor/a legal.

Peitieiros, a _____ de _____ de 20__

AUTORIZACIÓN PARA A ATENCIÓN DE ANEAE (Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) FÓRA DA AULA

D./Dña.....
 ... con D.N.I. nº:pai/nai/ titor ou
 titora legal do
 alumno/a.....
 matriculado no.....nivel, de Educación Primaria, informado/a a
 través do
 titor/a.....
 tendo coñecemento das necesidades educativas do meu fillo/a:

AUTORIZO

NON AUTORIZO (pero, declaro que fun debidamente informado/a da necesidade destas medidas educativas)

A que se leven a cabo, co especialista correspondente, as medidas de atención de **apoio logopédico (A.L)**, fóra da aula ordinaria, conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.

Peitieiros, a _____ de _____ de 20__

Conforme a isto:

Asina:

Pai/Nai/Titor/a legal.

AUTORIZACIÓN PARA A ATENCIÓN DE ANEAE (Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) FÓRA DA AULA

D./Dña.....
 ... con D.N.I. nº:pai/nai/ titor ou
 titora legal do
 alumno/a
 matriculado nonivel,de Educación Primaria, informado/a a
 través do
 titor/a
 tendo coñecemento das necesidades educativas do meu fillo/a:

AUTORIZO

NON AUTORIZO (pero, declaro que fun debidamente informado/a da necesidade destas medidas educativas)

A que se leven a cabo, co especialista correspondente, as medidas de atención de **apoyo pedagógico (P.T)**, fóra da aula ordinaria, conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.

Peitieiros, a _____ de _____ de 20__

Conforme a isto:

Asina:

Pai/Nai/Titor/a legal.

**INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES
EDUCATIVAS DENTRO DA AULA.**

D/Dnacon

DNI. Nº : pai/nai/titor ou titora legal do alumno/a

.....matriculado no

..... curso/nivel de Educación Primaria, quedo informado/a a través do
titor/a:.....que

segundo as necesidades educativas do meu fillo/a levaranse a cabo medidas de reforzo
educativo, dentro da aula ordinaria.

Peitieiros _____ de _____ de 20__

Conforme a isto:

Asina:

Pai/nai/ titor/a legal.

**REXEITAMENTO DAS FAMILIAS PARA A ADOPCION DE MEDIDAS DE REFORZO
EDUCATIVO**

D/Dna con
 D.N.I. nº:pai/nai/ titor ou titora
 legal do
 alumno/a
 matriculado no curso/nivel de Educación Primaria,
 quedo informado a través do
 titor/a:..... que segundo as
 necesidades educativas do meu fillo **non estou de acordo** en que se leven a
 cabo medidas de **reforzo educativo, (logopédico ou pedagóxico)** por parte do
 Departamento de Orientación co meu fillo/filla.

Peitieiros, a _____ de _____ de 20__

Conforme a isto:

Asina:

Pai/Nai/Titor/a legal.